

**RESUMO DA CONTA ANUAL DO
EXERCICIO 2013**

UNIVERSIDADE DE VIGO

TÁBOA DE CONTIDO

Presentación.....	3
I. Execución do Orzamento	4
I.1 Créditos iniciais, Modificacións de crédito e Créditos finais.....	4
Orzamento de Ingresos.....	4
Orzamento de Gastos	5
Modificacións Orzamentarias	5
I.2 Execución do orzamento	6
Grao de Execución do Orzamento de Ingresos	8
Grao de Execución do Orzamento de Gastos.....	11
I.3 Remanente de Tesourería.....	16
II. Situación económico-patrimonial	18
II.1 Resultado económico patrimonial	18
II.2 Balance de situación a 31-12-2013.....	19
III. Situación de Tesourería.....	20
IV. Indicadores	21
IV.1 Indicadores financeiros e patrimoniais.....	21
IV.2 Indicadores orzamentarios	22
V. Da Contratación Administrativa	24
Anexo I. Resumos das contas anuais de entidades participadas	26
AI.1 Cidade Universitaria, S.A. (CUSA)	26
AI.2 Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A. (CITEXVI)	28
AI.3 Fundación Universidade de Vigo (FUVI).....	30

PRESENTACIÓN

Coa **Conta Anual do exercicio 2013** infórmase á comunidade universitaria e ao conxunto da sociedade do grao de cumprimento do seu orzamento e dos resultados económicos obtidos pola Universidade de Vigo durante o exercicio.

Este breve informe pretende dar unha visión resumida, co obxectivo de que a información contida na Conta Anual sexa comprensible por persoas non técnicas na materia orzamentaria e contable. A información detallada empregada para a elaboración deste documento atópase na Secretaría Xeral, na Vicerreitoría de Economía e Planificación, na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, na Vicerreitoría do Campus de Ourense e na Xerencia - Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería.

Ofrecendo unha información obxectiva, concisa e clara da actuación económico-financeira da Universidade de Vigo, preténdese que o principio de transparencia na xestión sexa unha conducta real da institución, dirixido a garantir un comportamento legal, ético e responsable socialmente.

Con carácter previo á presentación das Contas Anuais e atendendo ao indicado no Real Decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, que modificou algúns apartados da Lei Orgánica de Universidades, a Universidade de Vigo presentou perante a Comisión Económica do Consello Social, antes do primeiro de marzo do 2014, a **Liquidación** do seu Orzamento do exercicio 2013, acompañado da Carta de Avance e do Borrador de Informe Adicional ao de Auditoría. Estes últimos documentos elaboráronse pola empresa de auditoría contratada polo Consello Social da Universidade de Vigo.

Posteriormente a este feito e consonte a restante normativa orzamentaria de aplicación, e seguindo os procedementos habituais, a Universidade de Vigo terá que presentar perante a Xunta de Galicia, antes do 30 de xuño deste ano, o documento do que estamos a informar, unha vez aprobado polo Consello de Goberno e polo Consello Social.

I. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

I. 1. CRÉDITOS INICIAIS, MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS E CRÉDITOS FINAIS

O Orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2013 elaborouse ao abeiro do establecido na Lei orgánica 6/2011, de 21 de decembro, de Universidades, nos Estatutos da Universidade e nas normas que rexen a actividade económico-financiera do sector público galego e estatal. O documento recolle as obrigas que, como máximo, pode recoñecer a Universidade, así como os dereitos que se prevén liquidar durante o correspondente exercicio e aprobose en equilibrio, cumprindo cos principios da sustentabilidade financeira e consonte o teito de gasto establecido para dito exercicio.

1.1.1. Orzamento de Ingresos

O orzamento inicial do exercicio 2013 aprobose por un importe de 159.655.119, un 0,15% máis que o do exercicio precedente. Na primeira columna do cadro 1 recóllense os créditos iniciais por capítulos aprobados no orzamento de 2013.

Cadro 1. Orzamento de ingresos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2013 (€)

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.779.000	379.526	16.158.526
IV. Transferencias e subvencións correntes	111.954.848	935.925	112.890.773
V. Ingresos patrimoniais	355.000	2.378	357.378
OPERACIÓNS CORRENTES	128.088.848	1.317.829	129.406.677
VI.- Alleamento de investimentos reais	0	0	0
VII.-Transferencias e subvencións de capital	24.313.964	300.701	24.614.665
OPERACIÓNS DE CAPITAL	24.313.964	300.701	24.614.665
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	152.402.812	1.618.530	154.021.342
VIII. Variación de activos financeiros	10.813.540	11.293.977	22.107.517
IX. Variación de pasivos financeiros	0	0	0
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	10.813.540	11.293.977	22.107.517
TOTAL	163.216.352	12.912.506	176.128.858

Ao longo do exercicio realizáronse modificacións orzamentarias que supuxeron un incremento de 12.912.506 € sobre o orzamento inicial. Na segunda columna do cadro detállanse por capítulos as modificacións orzamentarias realizadas e que veñen significando un 18,41% menos que as do exercicio precedente.

Na terceira columna reflíctense os créditos definitivos, resultado de engadir aos créditos iniciais as modificacións de crédito, e que supoñen unhas previsións definitivas de ingresos de 176.128.858€, un 1,49% menos do que o exercicio precedente.

No que toca ás modificacións, a partida máis importante é a referida á variación de activos financeiros, que inclúe entre outros a incorporación de remanentes procedentes do exercicio 2012.

1.1.2. Orzamento de Gastos

O orzamento de gastos apróbase en equilibrio, daquela o orzamento definitivo de gastos é idéntico ao de ingresos. No cadro 2 recóllense os créditos iniciais, as modificacións e os créditos definitivos.

Cadro 2: Orzamento de gastos inicial e definitivo da UVigo por capítulos. Ano 2013 (€)

Capítulos	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos
I. Gastos de persoal	93.238.000	0	93.238.000
II. Gastos correntes en bens e servizos	24.909.149	2.399.810	27.308.959
III. Gastos financeiros	50.000	98.443	148.443
IV. Transferencias correntes	8.523.200	45.103	8.568.303
V. Fondo de continxencia	360.000	-161.204	198.796
OPERACIÓNS CORRENTES	127.080.349	2.382.152	129.462.501
VI. Investimentos reais	33.366.003	10.521.633	43.887.636
VII. Transferencias de capital	0	0	0
OPERACIÓNS DE CAPITAL	33.366.003	10.521.633	43.887.636
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	160.446.352	12.903.785	173.350.137
VIII. Activos financeiros	120.000	8.722	128.722
IX. Pasivos financeiros	2.650.000	0	2.650.000
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	2.770.000	8.722	2.778.722
TOTAL	163.216.352	12.912.506	176.128.858

1.1.3. Modificacións Orzamentarias

A diferenza entre os créditos iniciais e os créditos definitivos ven dada polas modificacións de crédito realizadas. No Cadro 3 amósase a evolución do orzamento inicial e definitivo da universidade e das modificacións orzamentarias no período 2009 a 2013. Analizando o mesmo apréciase que estas, no caso da Universidade de Vigo, poden agruparse en tres grandes bloques:

a) Xeracións de crédito por ingresos.

Estas modificacións son consecuencia da achega á universidade dun maior importe de ingresos ca os orzamentados –inicialmente estimados–, ou ben de ingresos que non estaban orzamentados e que

foron acadados para actuacións específicas. Entre estas xeracións podemos incluír o financiamento acadado para congresos ou outras actividades de investigación, cursos de formación, maior recadación por matrículas, etc. O importe destas modificacións no exercicio 2013 foi de 1.621.282€.

b) Incorporacións de remanentes.

O importe das incorporacións de remanente de crédito acadou un total de 11.291.225€, que é o resultado da incorporación de remanentes específicos (caso dos proxectos de investigación nos que así corresponde), dos compromisos que non acadaron a fase de obriga e dos ingresos específicos.

A estabilización das cifras e o control destes procedementos é unha necesidade prioritaria, dado o efecto que teñen no modelo de cómputo do déficit e na rendición de contas perante a Consellería de Facenda, que se fai atendendo ao establecido no Sistema Europeo de Conta Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

c) Transferencias de crédito.

Pola súa propia definición as transferencias de crédito son unha suma cero, xa que son traspasos de crédito dunha aplicación orzamentaria a outra, polo tanto o que supón un incremento de crédito na aplicación que recibe, implica unha diminución polo mesmo importe na que transfere. O importe das transferencias de crédito foi de 453.119€. A minoración do importe das transferencias é produto dunha mellor especialización cualitativa e cuantitativa dos créditos orzamentarios

Cadro 3. Evolución do orzamento e as súas modificacións 2009-2013 (€)

	2009	2010	2011	2012	2013
Orzamento inicial	182.217.836	176.000.320	167.903.853	162.969.745	163.216.352
Modificacións orzamentarias	21.932.355	22.633.252	14.506.050	15.826.462	12.912.506
<i>Xeracións de crédito</i>	<i>2.516.699</i>	<i>2.676.773</i>	<i>1.388.059</i>	<i>6.766.906</i>	<i>1.621.282</i>
<i>Incorporación de remanentes</i>	<i>19.415.656</i>	<i>19.956.478</i>	<i>13.117.991</i>	<i>9.059.556</i>	<i>11.291.225</i>
<i>Transferencias de crédito</i>	<i>581.725</i>	<i>1.646.826</i>	<i>5.702.449</i>	<i>2.494.981</i>	<i>453.119</i>
Orzamento definitivo	204.150.191	198.633.572	182.409.903	178.796.207	176.128.858

I.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

O apartado anterior permitiu coñecer o orzamento definitivo da Universidade de Vigo, engadindo ás previsións iniciais as modificacións realizadas ao longo do exercicio. Neste apartado determinarase o grao de cumprimento do orzamento. Para isto cómpre cuantificar os dereitos e as obrigas recoñecidas, así coma o resultado orzamentario.

Os **dereitos recoñecidos** netos son os créditos existentes a favor da Universidade de Vigo, que poden estar xa recadados, ou ben recoñecidos e pendentes de cobro, segundo o principio de devengo utilizado na contabilidade do orzamento de ingresos. Como se observa no Cadro 5, os dereitos recoñecidos netos -sen remanentes de tesourería-, ascenderon en 2013 a **151.150.166€**. Destes recadáronse durante o ano **131.177.539€**, o 86,78% (polo 81,30% do exercicio precedente), quedando pendentes de cobro, a 31 de decembro de 2013, un total de **19.972.627€**.

No referido a este último importe indicar que case toda a cantidade correspóndese coas achegas doutras administracións públicas pendentes de pago á Uvigo. A mellora con respecto ao exercicio precedente obedece á maior axilidade nos pagos que se teñen que efectuar pola Comunidade Autónoma.

As **obrigas contraídas** netas son as contraídas pola Universidade de Vigo como consecuencia da realización de gastos correntes ou de capital e, como pode comprobarse no cadro 9, ascenderon en 2013 a **142.360.844€**, estando pendente de pago a 31 de decembro **33.699€**.

O **resultado orzamentario**, que se conceptúa como a diferenza entre a totalidade dos dereitos recoñecidos netos durante o exercicio e a totalidade das obrigas recoñecidas netas do mesmo exercicio, acadou a cifra positiva de **8.789.323€**. Este resultado sobresaínte obedece ás diferenzas de realización entre os ingresos estimados e os gastos previstos, en especial os asociados ao proxecto TACTICA.

Se ao saldo orzamentario lle sumamos os créditos gastados con cargo a remanentes de tesourería e aos demais axustes relacionados coas desviacións positivas e negativas do financiamento, que acadan a cifra de 6.432.249€, obtense o **resultado orzamentario axustado do exercicio**, que no 2013 ascendeu á cantidade de **15.221.571€**.

Cadro 4. Resultado orzamentario. Ano 2013 (€)

Conceptos	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes	Resultado Orzamentario
1. (+) Operacións non financeiras	151.090.990	139.743.682		11.347.308
2. (+) Operacións con activos financeiros	59.176	2.617.162		-2.557.986
I. Resultado orzamentario do exercicio (1+2)	151.150.166	142.360.844		8.789.323
Axustes (creditos gastados con cargo a remanentes de tesourería non afectados e desviacións negativas e positivas de financiamento)			6.432.249	
II. Resultado orzamentario axustado				15.221.571

Atendendo ao expresado nestas cifras e na restante información concordante, salienta e constata que, ao igual que no exercicio precedente, a Universidade de Vigo non ten déficit consonte á metodoloxía establecida polo Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (DOCE do 26 de xuño de 2013, polo que se publica o Regulamento nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 21 de maio de 2013).

Para completar o coñecemento do grao de execución dos orzamento de ingresos e gastos, ao longo dos seguintes epígrafes analízanse os seguintes aspectos:

1.2.1. Grao de execución do Orzamento de Ingresos

Os dereitos recoñecidos netos ascenderon a 151.150.166€. Postos en relación co orzamento definitivo sen remanentes de tesourería incorporados, que é de 154.021.342€, dá un grao de execución do orzamento de ingresos dun 98,14%, tal e como se pode apreciar no cadro 5.

Isto ven significar que se recoñeceron menos dereitos que os previstos no orzamento definitivo da universidade o que, fundamentalmente, obedece á minoración das achegas da Xunta de Galicia á Universidade de Vigo, como consecuencia directa do establecido pola Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autonoma de Galicia para o ano 2013 (DOG nº 42 do 28 de febreiro de 2013), aprobada polo Parlamento de Galicia.

Esta norma autonómica, nos seus artigos 37 a 39, determina unha minoración do salario dos traballadores da Universidade, fixa o límite máximo dos custos de persoal en 89.190.380€ e establece unha minoración da masa salarial en 4.173.080€, cantidade que se detrae do financiamento que lle correspondería á institución neste exercicio.

Cadro 5. Dereitos recoñecidos do orzamento de ingresos da Universidade de Vigo. Ano 2013 (€)

Capítulos	Créditos definitivos	Dereitos recoñecidos	Grao de Execución
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	16.158.526	18.861.554	116,73%
IV. Transferencias e subvencións correntes	112.890.773	108.917.625	96,48%
V. Ingresos patrimoniais	357.378	413.209	115,62%
OPERACIÓNS CORRENTES	129.406.677	128.192.387	99,06%
VI.- Alleamento de investimentos reais	0	0	
VII.-Transferencias e subvencións de capital	24.614.665	22.898.603	93,03%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	24.614.665	22.898.603	93,03%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	154.021.342	151.090.990	98,10%
VIII. Variación de activos financeiros (sen remanentes de tesourería)	0	59.176	--
IX. Variación de pasivos financeiros	0	0	--

OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0	59.176	--
TOTAL (sen remanentes de tesourería)	154.021.342	151.150.166	98,14%
VIII. Variación de activos financeiros (só remanentes de tesourería)	22.107.517		--
TOTAL	176.128.858	--	--

Se analizamos o contido do cadro, apréciase que nas operacións correntes o grao de execución acadou o 99,06%, fundamentalmente polo bo comportamento dos capítulos III (taxas, prezos públicos e outros ingresos), e V (ingresos patrimoniais), que parcialmente compensan a minoración das transferencias correntes con orixe na Xunta de Galicia.

Nas operacións de capital o grao de execución acadou o 93,03%, ligado ao descenso da dotación económica das convocatorias competitivas relativas á investigación básica, fundamentalmente do Estado, pese ao maior éxito relativo dos grupos de investigación da universidade, que permitiu obter ingresos inicialmente non orzamentados, caso do proxecto HEMMS.

É de salientar o éxito acadado pola Universidade de Vigo ao obter o proxecto Táctica, orzamentado neste exercicio e que supón unha achega de 7.099.902,86€ á nosa institución, se ben polas datas de sinatura do convenio de concesión as actividades asociadas ao mesmo necesariamente desenvolveranse nos exercicios 2014 e 2015.

O grao de execución do orzamento de ingresos non financeiros da universidade foi dun 98,10%. Ao sumar as operacións financeiras, correspondentes ás variacións de activos e pasivos financeiros, acádase o grao de execución do 98,14% sen ter en conta os remanentes de tesourería.

Estes datos confirman a rigorosidade e prudencia empregada na confección da estimación de ingresos para o exercicio.

Se profundizamos na análise e comparamos os ingresos cos do exercicio anterior, vemos que os ingresos da universidade teñen un crecemento dun 1,88%, cun comportamento diferente según as partidas, tal e como pode apreciarse no cadro 6.

Cadro 6. Comparativo dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2013 e 2012 (€)

Capítulos	2013	2012	% de variación
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	18.861.554	17.012.417	10,87%
IV. Transferencias e subvencións correntes	108.917.625	108.933.343	-0,01%
V. Ingresos patrimoniais	413.209	753.352	-45,15%
OPERACIÓNS CORRENTES	128.192.387	126.699.113	1,18%
VI.- Alleamento de investimentos reais	0	206.352	-100,00%
VII.-Transferencias e subvencións de capital	22.898.603	21.202.356	8,00%

OPERACIÓNS DE CAPITAL	22.898.603	21.408.708	6,96%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	151.090.990	148.107.821	2,01%
VIII. Variación de activos financeiros	59.176	39.219	50,89%
IX. Variación de pasivos financeiros	0	208.463	-100,00%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	59.176	247.682	-76,11%
TOTAL	151.150.166	148.355.503	1,88%

Na lectura da información contida no cadro 7 “Evolución do grao de execución do orzamento de ingresos 2009-2013” apréciase que no ano 2013 a universidade, malia as medidas de minoración salarial impostas pola Xunta de Galicia e descontado o efecto das mesmas, mantén unha liña de estabilidade e de mellora relativa nos seus ingresos, garantindo a súa viabilidade futura.

Cadro 7. Evolución do grao de execución do orzamento de ingresos 2009-2013 (€)

	2009	2010	2011	2012	2013
Dereitos recoñecidos (A)	176.923.253	157.969.204	155.204.322	148.355.503	151.150.166
Orzamento definitivo (B)	204.150.190	198.633.572	182.409.903	178.796.207	176.128.858
% de execución	86,66%	79,53%	85,09%	82,97%	85,82%
Orzamento definitivo (excepto remanentes) (B)	165.760.600	157.053.508	153.406.816	153.677.223	154.021.342
% de execución	106,73%	100,58%	101,17%	96,54%	98,14%

Abondando no mesmo aspecto, no cadro 8 pode observarse a evolución dos ingresos globais da universidade dende o ano 2009.

Dous aspectos son os responsables básicos desta evolución, que no exercicio 2013 permiten manter e mellorar o nivel de ingresos e de actividades da Universidade de Vigo:

a) por unha banda, os bos resultados obtidos coa aplicación do actual Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego, fundamentalmente pola aplicación do reparto variable dos fondos en función dos resultados das universidades

b) por outra banda, o éxito acadado na captación de fondos competitivos ao marxe do plan de financiamento da Xunta de Galicia.

Cadro 8. Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2009 a 2013 (€)

	2009	2010	2011	2012	2013
Ingresos (dereitos recoñecidos)	176.923.253	157.969.205	155.204.321	148.355.503	151.150.166
% variación anual	4,78%	-10,71%	-1,75%	-4,41%	1,88%

1.2.2. Grao de execución do Orzamento de Gastos

As obrigas contraídas acadaron un valor de 142.360.844€. Postas en relación co orzamento definitivo, que é de 176.128.858€, dá un grao de execución do orzamento de gasto dun 80,83%, tal e como se pode apreciar no cadro 9. Se facemos a comparanza por capítulos, a maior porcentaxe de execución continúa a corresponderlle ao Capítulo I ,“Gastos de persoal”, cun 95,43% malia as medidas de minoración salarial impostas no mes de febreiro de 2013 pola Xunta de Galicia.

Os desaxustes entre a previsión de gasto o e gasto efectivamente realizado obedece, como en anteriores exercicios, a dúas causas fundamentais: por unha banda, ao modelo de xestión dos gastos asociados aos proxectos de investigación, que esixen, para a súa execución, un período de tempo superior ao exercicio orzamentario no que se acada o financiamento; por outra banda, ao proceso de xeración de nova infraestrutura e equipamento científico asociado a financiamento alleo, que provoca o traslado de parte do gasto comprometido a exercicios posteriores a través dos remanentes de crédito.

Cadro 9. Obrigas contraídas do orzamento de gastos da UVigo. Ano 2013 (€)

Capítulos	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Grao de Execución
I. Gastos de persoal	93.238.000	88.978.519	95,43%
II. Gastos correntes en bens e servizos	27.308.959	22.266.861	81,54%
III. Gastos financeiros	148.443	142.499	96,00%
IV. Transferencias correntes	8.568.303	6.428.444	75,03%
V. Fondo de continxencia	198.796	0	-
OPERACIÓNS CORRENTES	129.462.501	117.816.322	91,00%
VI. Investimentos reais	43.887.636	21.927.360	49,96%
OPERACIÓNS DE CAPITAL	43.887.636	21.927.360	49,96%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	173.350.137	139.743.682	80,61%
VIII. Activos financeiros	128.722	124.188	96,48%
IX. Pasivos financeiros	2.650.000	2.492.973	94,07%

OPERACIÓNS FINANCEIRAS	2.778.722	2.617.162	94,19%
TOTAL	176.128.858	142.360.844	80,83%

No cadro 10 pode observarse a evolución do nivel de execución do orzamento de gastos desde o ano 2009, tanto na fase de obriga, como na de compromiso.

Cadro 10. Evolución do grao de execución do orzamento de gastos 2009-2013 (€)

	2009	2010	2011	2012	2013
A.Obrigas recoñecidas	167.239.407	169.781.026	154.660.658	148.728.461	142.360.844
B. Orzamento definitivo	204.150.190	198.633.572	182.409.903	178.796.207	176.128.858
% de execución (A/B)	81,92%	85,47%	84,79%	83,18%	80,83%
C. Créditos comprometidos	176.831.603	175.349.664	158.398.204	155.094.158	148.212.798
% de execución (C/B)	86,62%	88,28%	86,84%	86,74%	84,15%

Incidindo na análise e comparando os gastos do exercicio cos do anterior, tal e como se pode apreciar no cadro 11, a caída é próxima aos 6,4 M€ respecto do 2012, o que supón, en termos porcentuais, unha variación negativa da orde do (-) 4,28%. Isto atende aos seguintes aspectos:

- No referido aos gastos correntes en bens en servizos, a baixada obedece aos efectos das medidas de xestión do gasto asociadas ás diferentes licitacións, tanto de material de oficina como de servizos contratados a empresas.

- No que toca ás transferencias correntes, a baixada obedece basicamente á minoración das bolsas para o intercambio co exterior, produto da baixa xeralizada nas convocatorias estatais para a mobilidade.

- No referido aos investimentos reais, a baixa obedece ao ciclo de gastos asociado ao financiamento alleo á universidade, tanto de proxectos de investigación, como de xeración de nova infraestrutura material.

Isto terá o seu efecto en exercicios posteriores, xa que a data de hoxe dispoñemos dun importante financiamento que teremos que ir aplicando consonte se vaian desenvolvendo as accións, situación que no seu momento implicará un incremento salientable do gasto.

Cadro 11. Comparativo dos gastos (obrigas contraídas). Anos 2013 e 2012 (€)

Capítulos	2013	2012	% de variación
I. Gastos de persoal	88.978.519	88.864.951	0,13%

II. Gastos correntes en bens e servizos	22.266.861	22.636.099	-1,63%
III. Gastos financeiros	142.499	164.846	-13,56%
IV. Transferencias correntes	6.428.444	7.077.014	-9,16%
OPERACIÓNS CORRENTES	117.816.322	118.742.910	-0,78%
VI. Investimentos reais	21.927.360	27.105.701	-19,10%
VII. Transferencias de capital	0	198.895	--
OPERACIÓNS DE CAPITAL	21.927.360	27.304.596	-19,69%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	139.743.682	146.047.506	-4,32%
VIII. Activos financeiros	124.188	34.992	254,91%
IX. Pasivos financeiros	2.492.973	2.645.963	-5,78%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	2.617.162	2.680.955	-2,38%
TOTAL	142.360.844	148.728.461	-4,28%

No cadro 12 pode observarse a evolución dos gastos globais da universidade dende o 2009. Os motivos desta evolución, a maiores do xa comentado e do que polo miúdo se detalla a seguir, está no esforzo que realiza a Universidade para reequilibrar as súas contas e axeitar os seus gastos as súas disponibilidades financeiras.

Cadro 12. Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2009 a 2013 (€)

	2009	2010	2011	2012	2013
Gastos (obrigas recoñecidas)	167.239.407	169.781.026	154.660.658	148.728.461	142.360.844
% variación anual	-2,33%	1,52%	-8,91%	-3,84%	-4,28%

A continuación realízase unha análise polo miúdo das principais partidas do gasto capítulo a capítulo. Cómpre previamente voltar a indicar unha precisión técnica, lembrando que na confección do orzamento deste exercicio modificáronse os elementos da clasificación económica do gasto que aínda non se correspondían co establecido na Resolución de 19 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Presupostos (BOE 28 de xaneiro de 2009), que é a que se emprega tanto no Estado, como na Xunta de Galicia. Isto se fixo co obxecto de homoxeneizar definitivamente a clasificación do orzamento de gastos coas demais administracións e ao tempo facilitar a correlación cos elementos de custo da contabilidade analítica. Esta circunstancia provoca que as cifras a comparar non respondan a criterios estritamente homoxéneos.

No que toca á partida máis importante en termos de volume, os **gastos de persoal**, o seu importe acadou no 2013 os 88.978.519€, manténdose nunhas cifras similares ás do exercicio 2012. Esta cifra permite cumprir co establecido na Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade

Autónoma de Galicia para o ano 2013 (DOG nº 42 do 28 de febreiro de 2013) e ao tempo manter a aposta da universidade polo seu capital humano.

Cadro 13. Gasto de persoal (obrigas contraídas). Anos 2013 e 2012 (€)

Denominación	2013	Importe da variación s/ 2012	% de variación s/ 2012	2012
Altos cargos e persoal eventual	372.318	2.572	0,70%	369.746
Funcionarios	50.280.337	-365.452	-0,72%	50.645.790
Laborais	9.815.428	427.246	4,55%	9.388.182
Outro Persoal	15.497.052	-358.096	-2,26%	15.855.148
Incentivos ao rendemento	733.851	-3.528	-0,48%	737.379
Gastos Sociais	12.279.533	410.826	3,46%	11.868.707
TOTAL	88.978.519	113.568	0,13%	88.864.951

No referido ao **gasto en bens e servizos correntes**, o importe final é de 22.266.861€, cun decrecemento porcentual negativo dun (-) 1,63%, como se pode ver no cadro 15. Os maiores decrecementos en termos absolutos danse na partida de material, subministracións e outros.

Estes datos son consecuencia do plan de aforro e eficiencia na xestión do gasto que se segue a desenvolver pola universidade cara a manter o equilibrio das súas contas.

Cadro 14. Gasto en bens e servizos correntes (obrigas contraídas). Anos 2013 e 2012 (€)

Denominación	2013	Importe da variación s/ 2012	% de variación s/ 2012	2012
Arrendamentos	391.753	71.095	22,17%	320.657
Reparacións e conservación	2.661.538	71.985	2,78%	2.589.554
Material, subministracións e outros	17.575.927	-1.252.904	-6,65%	18.828.831
Indemnizacións por razón de servizo	1.603.171	889.333	124,58%	713.838
Publicacións	34.472	-2.905	-7,77%	37.377
Plan de Calidade Docente	0	-145.842	-100,00%	145.842
TOTAL	22.266.861	-369.239	-1,63%	22.636.099

Os **gastos financeiros** ascenderon a 142.499€ e corresponden principalmente a xuros de demora e outros gastos financeiros, e seguen a ter un baixo importe no orzamento de gastos.

O **gasto en transferencias correntes** acadou un importe de 6.428.444€, cun decrecemento porcentual do (-) 9,16%. Pese a estes datos salienta que segue a manterse a liña de traballo e a aposta da institución polo programa propio de bolsas e axudas. Así, neste exercicio incorporouse ás axudas propias

da universidade a convocatoria de axudas por circunstancias sobrevidas de especial desprotección. Malia todo, o esforzo feito pola nosa institución non é quen de compensar a caída das axudas estatais.

Cadro 15. Gasto en transferencias correntes. Anos 2013 e 2012 (€)

Denominación	2013	Importe da variación s/ 2012	% de variación s/ 2012	2012
Transferencias a entidades públicas e privadas	2.389.135	975.582	69,02%	1.413.553
Transferencias a familias e institucións sen ánimo de lucro (bolsas e subvencións)	2.699.387	-881.552	-24,62%	3.580.939
Transferencias ao exterior (intercambios ERASMUS, LIG, etc)	1.339.921	-742.601	-35,66%	2.082.522
TOTAL	6.428.444	-648.571	-9,16%	7.077.014

O capítulo de **investimentos** no ano 2013 chega aos 21.927.360€, cun decrecemento porcentual dun (-) 19,10% con respecto ao 2012; sen embargo, o comportamento das partidas de gasto é diferente:

a) No que se refire aos investimentos asociados ao funcionamento dos servizos, prodúcese unha baixa no gasto dun (-) 34,21% porcentual. Situación que é consecuencia da planificación establecida no documento orzamentario no referido aos gastos ordinarios e ao grao de cumprimento dos prazos de construción e dotación de nova infraestrutura de investigación soportada con fondos finalistas.

b) No comportamento dos gastos en investimentos de carácter inmaterial, a baixa porcentual é menor, quedando no (-) 9,93% e, ao igual que no exercicio precedente, o motivo está na minoración das axudas á investigación do Estado e da Xunta de Galicia, non compensada polos incrementos acadados polos grupos de investigación da universidade nas convocatorias europeas. Entre outros está motivado pola tardía sinatura do convenio que soporta o proxecto Táctica, que impediu iniciar o desenvolvemento da actividade prevista no exercicio 2013, como se comentara anteriormente.

Cadro 16. Gasto en investimentos (obrigas recoñecidas). Anos 2013 e 2012 (€)

Denominación	2013	Importe da variación s/ 2012	% de variación s/ 2012	2012
Investimentos asociados ao funcionamento dos servizos	6.738.820	-3.503.720	-34,21%	10.242.540
Gasto en investimentos de carácter inmaterial	15.188.540	-1.674.621	-9,93%	16.863.161
TOTAL	21.927.360	-5.178.341	-19,10%	27.105.701

I.3. REMANENTE DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería é unha magnitude financeira que reflicte o exceso ou o déficit de financiamento a curto prazo nunha data determinada, neste caso ao remate do exercicio económico. É unha das magnitudes mais importantes para reflectir o estado económico-financieiro dunha organización.

No Cadro 17 preséntase o cálculo do remanente a 31 de decembro de 2013. Obtense como resultado da diferenza entre os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago, sexan do exercicio corrente ou de exercicios pechados, e sumando a este resultado a tesourería existente a esa data.

Cadro 17. Remanente de tesourería da Uvigo a 31 de decembro de 2013 (€).

Conceptos	2013	2012
1. (+) Fondos líquidos	35.583.394,04	23.605.951,93
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	37.243.321,54	42.669.921,16
- (+) do orzamento corrente	19.972.626,59	27.737.389,97
- (+) de orzamentos pechados	2.351.706,97	2.225.731,05
- (+) de operacións non orzamentarias	14.918.987,98	12.706.800,14
- (+) de operacións comerciais	0,00	0,00
3. (-) Obrigas pendentes de pagamento	5.033.678,97	6.067.610,25
(-) (+) do orzamento corrente	33.699,44	2.106.815,66
(-) (+) de orzamentos pechados	0,00	0,00
(-) (+) de operacións non orzamentarias	3.810.683,62	3.465.338,19
(-) (+) de operacións comerciais	0,00	0,00
(-) (+) obrigas pendentes de aplicar ó orzamento	1.189.295,91	495.456,40
4. (+) Partidas Pendientes de Aplicación	146.832,87	-1.000.916,98
TOTAL REMANENTE TESOURERÍA (1+2-3+4)	67.939.869,48	59.207.345,86
